

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA DÍAZ CASTRO
CURSO: 1ºBAC
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 05/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

ESTANDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	ESTANDARES MÍNIMOS
3ª AVALIACIÓN.		
EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas.	CSC	Actúa dun xeito reflexivo.
EFB1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.	CSC	HHSS desenvoltas x
EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.	CCEC	Deshinibición, exploración, creación, ... x
EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva.	CCEC	Deshinibición, exploración, creación, ... x
EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.	CCEC	Ser respetuoso/a e considerado/a bailando. x
EFB4.1.2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas.	CAA CSIEE CSC	Integración do traballo individual e grupal
EFB4.1.4. Pon en práctica técnicas específicas das actividades en ámbitos non estables, analizando os aspectos organizativos necesarios.	CAA CSIEE	Control de continxencia e organización de recursos humanos e materiais. x
EFB4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.	CD CCL	Valorar a idoneidade do traballo según as normas establecidas previamente. x
EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén.	CAA CSIEE CSC	Nivel mínimo alcanzado en función do grupo clase, en función do sexo.
En cor vermella os estándares de aprendizaxe e competencias clave consideradas imprescindibles e traballadas con tarefas de reforzo e ampliación na terceira avaliación.		

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>*Procedementos e instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O traballo realizado polo alumnado ao longo da 3ª avaliación poderá subir a nota final da material según a súa calidade. • Se o alumno/a abandona o plan de traballo na 3ª avaliación, unha vez comprobado que é deliberadamente e non ten ningún outro problema: conectividade...; comunicaremolos ao titor no informe semanal de seguimento de tarefas elaborado polo centro e éste informará á familia, tamén quedará recollido no informe de avaliación individualizada cuberto a finais de curso. • Aqueles alumnos/as que non poidan realizar as tarefas prácticas desta terceira avaliación (enfermidades ou lesións...) e o comunicaran ao departamento de orientación polas vías marcadas polo centro: correo electrónico, E-Dixgal, Abalar...; terán dereito a adaptación das tarefas polo departamento de Educación Física que terá en conta esos datos médicos para que poidan realizalas e darlles así a oportunidade de subir nota igualmente. • Aqueles alumnos/as que non poidan realizar as tarefas desta terceira avaliación por non ter cobertura de internet ou medios telemáticos ao seu alcance, e o comunicaran ao departamento de orientación ou dirección do centro; teranse ditas situacións en conta e subíraselles a nota da terceira avaliación para estar en igualdade de condicións co resto de alumnado.
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> • A <u>cualificación final</u> do alumnado, será o resultado de realizar a <u>media aritmética</u> das cualificacións finais obtidas nas 1ª e 2ª avaliacións. • O traballo realizado polo alumnado ao longo da 3ª avaliación poderá subir a nota final en caso do alumnado coas avaliacións primeira e segundas superadas, no caso de alumnado con algunha avaliación suspensa o traballo telemático ben feito poderá recuperar dita avaliación ou avaliacións suspensa/as. • O alumnado da sección bilingüe de 1ºBAC; non verá diminuída a súa cualificación porque o seu nivel de inglés sexa baixo. Os aspectos de mellora no uso da Lingua Inglesa valoraránse en sentido positivo na cualificación final, e elevaráselles a esos/esas alumnos/as que melloraran a súa participación oral/lingüística en inglés ata nun punto, sempre que teñan a asignatura aprobada. • Criterios de redondeo da cualificación final: cando o primeiro decimal sexa igual ou maior a 7, redondéase ao número enteiro superior, mentres que se o primeiro decimal é inferior a 7 redondéase ao número enteiro inferior

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>a) Tipo de proba: Teórico e práctico</p> <p>b) N° e tipo de cuestións da proba: 20 preguntas tipo test e 2 resposta curta, referíntes a estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliacións que non acadaran en ditas avaliacións. As probas prácticas realizadas e non superadas ao longo da primeira e segunda avaliacións tendo que adaptar as que foran realizadas grupalmente.</p> <p>c) Valoración de cada cuestión: 1 punto por cada pregunta correcta ou proba práctica debendo acadar a lo menos a metade das mesmas para a superación da proba.</p> <p>d) Cualificación final extraordinaria: 70% para a práctica e do 30% para a teoría. No caso de solicitarse algún traballo, a porcentaxe deste sería dun 20 %, restándolle un 10% a cada un dos anteriores apartados.</p> <p align="center">PARA ALUMNADO QUE NON POIDA FACER PRÁCTICA POR TER EXENCIÓN MÉDICA, LESIÓN OU ENFERMIDADE, OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN SERÁN:</p> <p>Aqueles alumnos/as que non poidan realizar as tarefas prácticas (enfermidades ou lesións...) e o comunicaran debidamente xustificando ao departamento de orientación polas vías marcadas polo centro: correo electrónico corporativo, visita presencial, Abalar...; terán dereito a adaptación das probas parciais, proba final e cualificación final da materia polo departamento de Educación Física que terá en conta esos datos médicos.</p> <p align="center">100% da nota: exames teóricos (70%), traballos (30%)</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p><u>O alumnado de 1º BAC non ten a materia pendente da etapa anterior.</u></p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • As actividades propostas polo departamento por medios telemáticos nesta terceira avaliación centraránse en: <ul style="list-style-type: none"> - Repaso do impartido ata o 12 de marzo, reforzo do mesmo e recuperación para o alumnado que non teña superadas as 1ª e 2ª avaliacións ou recuperación da materia pendente do ano anterior. - Tarefas de ampliación cando se considere necesario e/ou do que se considera imprescindible para afrontar o próximo curso, non avaliábel negativamente. -As tarefas propostas serán na medida do posible de carácter práctico, pequenos traballos teóricos relacionados con proxectos nos que participa o departamento neste curso académico 2019-2020, os proxectos: “PDC” e “Donas de si” e tarefas relacionadas coa actitude, valores, emocións,...
---------------------------	--

	<p>-As actividades tentarase que sexan variadas, curtas, interdisciplinares con outros departamentos e empregando TIC, e lingua estranxeira: inglés pois hai sección bilingüe.</p> <p>- É prioritario posibilitar a todo o alumnado a consecución dunha aprendizaxe construtiva e significativa, a través de modificacións que flexibilicen as condicións de desenvolvemento e permitan ao alumnado con distintos niveis de aprendizaxe, motivacións e intereses e desenvolver as súas capacidades. Por iso neste periodo de confinamento atenderase especialmente ao alumnado con NEE, flexibilizando as tarefas e primando a súa saúde física e mental sobre todo o demais.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>-Empregarase unha metodoloxía cun estilo de ensinanza non directivo (principalmente a resolución de problemas, e nalgúns casos o descubrimento guiado), no que o alumnado participe de forma activa e potencie a súa creatividade. Sólo cando as circunstancias o requiran optaremos por estilos con certo cariz directivo (asignación de tarefas, inclusión, ensino recíproco...)</p> <p>- As tarefas desenvolveranse de xeito individual, parellas e pequenos grupos (no caso de alumnado con conectividade)</p> <p>- Para as tarefas ademáis de min contarán coa axuda da auxiliar de conversa presente na Google classroom da materia.</p>
Materiais e recursos	<p>- Blog de Educación Física.</p> <p>- Google Classroom, google drive.</p> <p>- Correo electrónico corporativo: noefp@edu.xunta.es.</p> <p>- Correo electrónico de gmail: noefp102@gmail.com</p> <p>- ABALAR.</p> <p>- Cisco WEBEX.</p> <p>- Google Chat: Hangouts</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>-A información do Departamento de Educación Física é subida ao Blog de Educación Física que pode atoparse na páxina web do centro ou no enlace: https://efiespoetadiazcastro.blogspot.com/</p> <p>-En caso de dúbidas resolverei por mensaxe enviado vía Abalar ou correo electrónico corporativo: noefp@edu.xunta.es</p>
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.